

MPN

ASUNTO: INFORME SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE PARA HABILITAR CRÉDITO PARA FINANCIAR AS ACHEGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O COFINANCIAMENTO DE DIFERENTES PROXECTOS EUROPEOS.

ANTECEDENTES

1.- A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de optimizar a captación de fondos para o desenvolvemento de proxectos que potencien a consecución dos obxectivos de interese provincial que ten encomendados, ten a necesidade de deseñar candidaturas e executar proxectos de interese provincial dentro do ámbito competencial das administracións locais (de conformidade ós artigos 25, 31 e 36 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) e que estean aliñados dentro da estratexia de fondos europeos da Deputación de Pontevedra e/ou que sexan susceptibles de seren financiadas a través do Plan de Recuperación para Europa (Next Generation EU e Marco Financeiro Plurianual 2021-2027) ou calquera outro que sexa acorde coa tipoloxía de actuacións que se queren potenciar.

2.- Este centro xestor, Cooperación cos municipios, ten asignada a execución de diferentes proxectos para o 2023, co detalle orzamentario que se presenta nas seguintes táboas:

2300001_CAPITALIZA ESTRAEE: Capitalización de R. S. TRANSF.Gestión de los RAEE		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
942-1624-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS	16.175,00 €

2300002_0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
942-4392-227,06	Estudos e traballos técnicos	35.094,11 €

923000x -Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas dá Provincia de Pontevedra"		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
23/942-4251-XXX		164.655,54 €

2023000x -C2 AGENDA 2030 LOCAL- Interreg VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP)"		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
23/942-9434-XXX		79.008,57 €



PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZ. CICLO URBANO DEL AGUA AYUNTAM.PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.				
APLICACIÓN	DETALLE			ACHEGA DEPO
23/942-1611-652,15				315.533,53 €
AYUNTAMIENTO	PRESUPUESTO TOTAL ESTIMADO	SUBVENCIÓN MÁXIMA PERTE- Agua (90% NGEU)	APORTACIÓN DIPUTACION DE PONTEVEDRA (5% Fondos propios)	APORTACION AYUNTAMIENTO (5% Fondos propios)
Agolada	325.380,97 €	292.842,87 €	16.269,05 €	16.269,05 €
Arbo	669.442,25 €	602.498,03 €	33.472,11 €	33.472,11 €
Barro	218.937,36 €	197.043,62 €	10.946,87 €	10.946,87 €
Campo Lameiro	352.063,42 €	316.857,08 €	17.603,17 €	17.603,17 €
Catoira	304.755,55 €	274.279,99 €	15.237,78 €	15.237,78 €
Covelo	388.419,41 €	349.577,47 €	19.420,97 €	19.420,97 €
Crecente	632.071,35 €	568.864,21 €	31.603,57 €	31.603,57 €
Cuntis	551.090,53 €	495.981,47 €	27.554,53 €	27.554,53 €
Dozón	236.590,51 €	212.931,45 €	11.829,53 €	11.829,53 €
Forcarei	552.632,59 €	497.369,33 €	27.631,63 €	27.631,63 €
Fornelos de Montes	329.644,30 €	296.679,86 €	16.482,22 €	16.482,22 €
A Illa de Arousa	241.401,06 €	217.260,96 €	12.070,05 €	12.070,05 €
A Lama	318.870,88 €	286.983,80 €	15.943,54 €	15.943,54 €
Meis	443.542,92 €	399.188,62 €	22.177,15 €	22.177,15 €
Mondariz	677.290,84 €	609.561,76 €	33.864,54 €	33.864,54 €
Mondariz Balneario	184.150,69 €	165.735,63 €	9.207,53 €	9.207,53 €
Moraña	422.119,55 €	379.907,59 €	21.105,98 €	21.105,98 €
As Neves	548.550,88 €	493.695,80 €	27.427,54 €	27.427,54 €
Oia	299.250,08 €	269.325,08 €	14.962,50 €	14.962,50 €
Pazos de Borbén	407.552,69 €	366.797,43 €	20.377,63 €	20.377,63 €
Pontecesures	295.375,49 €	265.837,95 €	14.768,77 €	14.768,77 €
Portas	387.410,28 €	348.669,26 €	19.370,51 €	19.370,51 €
Rodeiro	228.700,42 €	205.830,38 €	11.435,02 €	11.435,02 €
TOTAL	9.015.244,02 €	8.113.719,64 €	450.762,19 €	450.762,19 €
Año 2023 (70%)	6.310.670,82 €	5.679.603,76 €	315.533,53 €	315.533,53 €
Año 2024 (15%)	1.352.286,60 €	1.217.057,94 €	67.614,33 €	67.614,33 €
Año 2025 (15%)	1.352.286,60 €	1.217.057,94 €	67.614,33 €	67.614,33 €



"INSTALACIONES GEOTÉRMICAS SOSTENIBLES II: (PROGRAMA DUS 5000),				
APLICACIÓN	DETALLE			ACHEGA DEPO
23/942-1700-652,15				32.873,09 €
CONCELLO	INVERSIÓN ELEXIBLE ADMITIDA	AXUDA IDAE_DUS 5000 (85%)	ACHEGAS MÁX. DEPUTACIÓN (8%)	ACHEGA CONCELLO (7%)
A Cañiza	227.892,61 €	193.708,71 €	18.231,41 €	15.952,49 €
A Illa de Arousa	183.020,97 €	155.567,82 €	14.641,68 €	12.811,47 €
Total	410.913,58 €	349.276,53 €	32.873,09 €	28.763,96 €

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1.- Os gastos derivados da execución dos proxectos europeos, aprobados con resolución favorable de concesión de axudas, a realizar no ano 2023 non pode ser demorada ata a seguinte anualidade e dado que no orzamento do ano 2023 non existe crédito ou, de existir, é insuficiente nas correspondentes partidas orzamentarias por importe total de **643.339,84 euros** considerándose adecuado tramitar un expediente de crédito extraordinario.

2.- Artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CONCLUSIÓN:

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e coa finalidade de facer fronte ao citado gasto, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a tramitación do seguinte expediente para habilitar crédito por importe de **643.339,84 euros** nas aplicacións orzamentarias que correspondan, para financiar as achegas da Deputación de Pontevedra para o cofinanciamento de diferentes proxectos europeos a executar no 2023 polo centro xestor Cooperación cos Municipios:

2300001_CAPITALIZA ESTRAEE: Capitalización de R. S. TRANSF.Gestión de los RAEE		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
942-1624-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS	16.175,00 €
2300002_0784_VIVE RIO MINHO_1_P		



APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
942-4392-227,06	Estudos e traballos técnicos	35.094,11 €

923000x -Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas dá Provincia de Pontevedra"		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
23/942-4251-XXX		164.655,54 €

2023000x -C2 AGENDA 2030 LOCAL- Interreg VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP)"		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
23/942-9434-XXX		79.008,57 €

PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZ. CICLO URBANO DEL AGUA AYUNTAM.PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.		
APLICACIÓN	DETALLE	ACHEGA DEPO
23/942-1611-652,15		315.533,53 €

AYUNTAMIENTO	PRESUPUESTO TOTAL ESTIMADO	SUBVENCIÓN MÁXIMA PERTE- Agua (90% NGEU)	APORTACIÓN DIPUTACION DE PONTEVEDRA (5% Fondos propios)	APORTACION AYUNTAMIE NTO (5% Fondos propios)
Agolada	325.380,97 €	292.842,87 €	16.269,05 €	16.269,05 €
Arbo	669.442,25 €	602.498,03 €	33.472,11 €	33.472,11 €
Barro	218.937,36 €	197.043,62 €	10.946,87 €	10.946,87 €
Campo Lameiro	352.063,42 €	316.857,08 €	17.603,17 €	17.603,17 €
Catoira	304.755,55 €	274.279,99 €	15.237,78 €	15.237,78 €
Covelo	388.419,41 €	349.577,47 €	19.420,97 €	19.420,97 €
Crecente	632.071,35 €	568.864,21 €	31.603,57 €	31.603,57 €
Cuntis	551.090,53 €	495.981,47 €	27.554,53 €	27.554,53 €
Dozón	236.590,51 €	212.931,45 €	11.829,53 €	11.829,53 €
Forcarei	552.632,59 €	497.369,33 €	27.631,63 €	27.631,63 €
Fornelos de Montes	329.644,30 €	296.679,86 €	16.482,22 €	16.482,22 €
A Illa de Arousa	241.401,06 €	217.260,96 €	12.070,05 €	12.070,05 €
A Lama	318.870,88 €	286.983,80 €	15.943,54 €	15.943,54 €
Meis	443.542,92 €	399.188,62 €	22.177,15 €	22.177,15 €
Mondariz	677.290,84 €	609.561,76 €	33.864,54 €	33.864,54 €
Mondariz Balneario	184.150,69 €	165.735,63 €	9.207,53 €	9.207,53 €
Moraña	422.119,55 €	379.907,59 €	21.105,98 €	21.105,98 €
As Neves	548.550,88 €	493.695,80 €	27.427,54 €	27.427,54 €
Oia	299.250,08 €	269.325,08 €	14.962,50 €	14.962,50 €
Pazos de Borbén	407.552,69 €	366.797,43 €	20.377,63 €	20.377,63 €



Pontecesures	295.375,49 €	265.837,95 €	14.768,77 €	14.768,77 €
Portas	387.410,28 €	348.669,26 €	19.370,51 €	19.370,51 €
Rodeiro	228.700,42 €	205.830,38 €	11.435,02 €	11.435,02 €
TOTAL	9.015.244,02 €	8.113.719,64 €	450.762,19 €	450.762,19 €
Año 2023 (70%)	6.310.670,82 €	5.679.603,76 €	315.533,53 €	315.533,53 €
Año 2024 (15%)	1.352.286,60 €	1.217.057,94 €	67.614,33 €	67.614,33 €
Año 2025 (15%)	1.352.286,60 €	1.217.057,94 €	67.614,33 €	67.614,33 €

"INSTALACIONES GEOTÉRMICAS SOSTENIBLES II: (PROGRAMA DUS 5000),					
APLICACIÓN	DETALLE			ACHEGA DEPO	
23/942-1700-652,15				32.873,09 €	
	CONCELLO	INVERSIÓN ELEXIBLE ADMITIDA	AXUDA IDAE_DUS 5000 (85%)	ACHEGAS MÁX. DEPUTACIÓN (8%)	ACHEGA CONCELLO (7%)
	A Cañiza	227.892,61 €	193.708,71 €	18.231,41 €	15.952,49 €
	A Illa de Arousa	183.020,97 €	155.567,82 €	14.641,68 €	12.811,47 €
	Total	410.913,58 €	349.276,53 €	32.873,09 €	28.763,96 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo

Conforme:

O deputado delegado da Área de Cooperación

Santos Héctor Rodríguez Díaz

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN.-



MCC/MPN

Expediente modificación de crédito 01/2023

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN CRÉDITO PARA O PROXECTO “DA TÚA MAN” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro - BOE núm. 218 do 11 de setembro de 2021 -, modificada pola orde ICT/566/2022 do 15 de xuño - BOE núm. 148 do 22 de xuño de 2022) (nº expediente: 2022049323)

PRIMEIRO.- A Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 coa finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia (por exemplo o turismo) prestando especial atención ao produto e comercio local. Devandito Plan centrouse en tres tipos de accións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente comercio e hostalería), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e repartición de material promocional nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

A execución deste Plan puxo sobre a mesa a necesidade de reforzar e actuar de maneira específica nos municipios de menos de 5.000 habitantes onde factores como a dispersión xeográfica, a falta de substitución xeracional no pequeno comercio ou a fenda dixital fan necesario realizan unha actuación marco para dar resposta ás necesidades específicas deste sector neses municipios seguindo os retos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España.

E, por iso, tendo en conta as convocatorias publicadas en 2022 polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da túa man” dirixido a municipios de menos de 5.000 habitantes.

Este proxecto non xorde de modo illado, senón como actuación complementaria ao labor emprendido de apoio ao comercio local pola Deputación de Pontevedra que, seguindo o PRTR, deseñou outros dous proxectos, Commerce Inside en zonas turísticas e Da túa man cunha liña para municipios entre 5.000 e 15.000 habitantes, que foron aprobados na convocatoria de 2021 de apoio ao comercio polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e actualmente estanse implementando.

SEGUNDO.- O 5 de xullo de 2022 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 160 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio do 30 de xuño de 2022, pola que se aproba a convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro (BOE núm. 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 do 15 de xuño (BOE núm. 148 do 22 de xuño de 2022). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse no investimento 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Peme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

TERCEIRO.- En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” á convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde



ICT/950/2021, do 10 de setembro (BOE núm. 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola orde ICT/566/2022 do 15 de xuño (BOE núm. 148 do 22 de xuño de 2022). O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: Visibilizar e modernizar ao pequeno comercio local adaptándoo aos novos hábitos de consumo a través da implementación e uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de prácticas que promovan a economía circular (redución na creación de residuos, promoción da reciclaxe e reutilización dos residuos) así como unha mellora no acondicionamento dos espazos que sirva para ofrecer un servizo óptimo á poboación local e de foco de atracción de visitantes.

Así mesmo, preténdese crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e do produto de km 0 para impulsar unha estratexia común implicando ás comunidades locais e da man dos Concellos e a Deputación de Pontevedra aproveitando as potencialidades e recursos endóxeos (produtos locais, culturais e turísticos) destes termos municipais para favorecer a empregabilidade e permanencia dos veciños no territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Desde o 1 de decembro de 2022 ata o 30 de xuño de 2024 para a execución e ata o 30 de setembro de 2024 para a xustificación.

Ámbito de actuación do proxecto: Os municipios de Agolada, Arbo, Barro, Campo Lameiro, Cuntis, Forcarei, Meis, Mondariz, As Neves, Rodeiro e Pontecesures.

Actuacións:

Concepto	Actuación
Transformación dixital	Campañas de comunicación e promoción en soportes dixitais
Transformación do punto de venda	Adaptación da accesibilidade á contorna comercial
	Sinalética integrada
Sustentabilidade e economía circular	Promoción de packaging sostible
	Instalación de illas ecolóxicas e actuacións de economía circular
	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais
Cadea de subministración e rastrexabilidade	Rede de comercio retalista, produtores locais e provedores
Sensibilización e formación	Sensibilización e formación teórica e practica de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio
	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular

Financiación: 80% o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e 20% a Deputación de Pontevedra.

Orzamento financiable: 624.965,00 euros.

Subvención proposta: 499.972,00 euros.

Aportación Deputación: 124.933,00 euros.

CUARTO.- O 5 de xaneiro de 2023 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da citada axuda solicitada



pola Deputación de Pontevedra para o proxecto "Da Túa Man" cun orzamento financiable por un importe de 624.965,00 € e 499.972,00 euros de subvención proposta.

A desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da achega é o seguinte:

Conceptos financiables	Desagregación	Presuposta financiable con IVE(€)	IVE (€)	Orzamento financiable sen IVE (€)
Transformación dixital	Campañas de comunicación e promoción en soportes dixitais	72.600,00	12.600,00	60.000,00
Subtotal		72.600,00	12.600,00	60.000,00
Transformación do punto de venda	Adaptación da accesibilidade á contorna comercial	81.675,00	14.175,00	67.500,00
	Sinalética integrada	42.592,00	7.392,00	35.200,00
Subtotal		124.267,00	21.567,00	102.700,00
Sustentabilidade e economía circular	Promoción de packaging sostible	32.670,00	5.670,00	27.000,00
	Instalación de illas ecolóxicas e actuacións de economía circular	139.271,00	24.171,00	115.100,00
	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais	53.361,00	9.261,00	44.100,00
Subtotal		225.302,00	39.102,00	186.200,00
Cadea de subministración e rastrexabilidade	Rede de comercio retalista, produtores locais e provedores	198.440,00	34.440,00	164.000,00
		Subtotal		198.440,00
Sensibilización e formación	Sensibilización e formación teórica e practica de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio	3.630,00	630,00	3.000,00
	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular	726,00	126,00	600,00
Subtotal		4.356,00	756,00	3.600,00
TOTAL		624.965,00	108.465,00	516.500,00

Distribución da achega	Orzamento
Aportación Ministerio (80% do orzamento financiable)	499.972,00
Aportación Deputación de Pontevedra (20% orzamento financiable)	124.933,00
TOTAL	624.965,00

QUINTO.- O punto segundo da devandita resolución establece que o apoio financeiro queda suxeito, entre outros, ás seguintes condicións xerais:

"(...) b) *Realización de inversións e gastos.- Las inversiones e gastos financiados previstos deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2022 y el 30 de junio de 2024.*

c) *Reglas aplicables a los conceptos de gasto financiable.- Las inversiones e gastos financiados previstos deberán cumplir las condiciones establecidas en el artículo 8 de la Orden ICT/950/2021, de 10 de septiembre.*

d) *Justificación.- La justificación de las actividades financiadas se realizará de acuerdo con lo establecido en el artículo 20 de la Orden de bases reguladoras ICT/950/2021, de 10 de septiembre (...)*", estableciendo el



punto decimocuarto de la convocatoria "(...) un plazo de tres meses desde la finalización de las actuaciones subvencionadas, de acuerdo con el cronograma presentado en la solicitud, para presentar la justificación de los gastos realizados y, en todo caso, antes del 30 de septiembre de 2024."

SEXTO.- O punto 1.6 da convocatoria sinala que "el importe de la financiación a conceder será de un 80% por ciento sobre el presupuesto del proyecto que haya sido considerado financiable, hasta un máximo de subvención de 500.000 euros."

Tendo en conta o anterior e o sinalado respecto das condicións económicas do proxecto Da Túa Man neste informe, así como o sinalado en xeral no Título IV, Capítulo I, do Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, referido ás especialidades en materia de xestión e control orzamentario e, en concreto, no artigo 42, aínda que de carácter non básico, referido ás incorporacións de crédito, así como o sinalado en canto á distribución da achega entre o Ministerio e a Deputación, resulta necesario realizar as operacións de xeración de crédito para este exercicio e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra comprométase ao financiamento do importe que figura na resolución así como para as necesidades de xestión do devandito proxecto, figurando na memoria do proxecto, dando conta dos tipos de gastos que se inclúen no proxecto así como dos importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias, sinalando no cadro unha proposta do servizo a considerar por Intervención quen mellor proverá .

ANUALIDADE	2023
ACHEGA MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO	499.972,00 €
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	
Achega do orzamento financiable 124.933,00	284.933,00 €
Achega para a xestión do proxecto 160.000,00	
TOTAL	784.905,00 €

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240-4314-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	14.520,00 €
23/240-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	6.534,00 €
23/240-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	871,20 €
23/240-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	39.688,00 €
23/240-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	63.379,80 €
	TOTAL (a)	124.993,00 €
23/240-4314-120,51	SOLDO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	46.000,00 €
23/240-4314-120,52	TRIENIOS FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	3.500,00 €
23/240-4314-120,53	PAGA EXTRA FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	10.000,00 €
23/240-4314-120,90	O. RETRIBUCIÓN, MELLORAS, I.T. , _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.000,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240-4314-121,51	C. DESTINO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	24.800,00 €
23/240-4314-121,52	C. ESPECÍFICO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	24.800,00 €
23/240-4314-160,00	SEGURIDADE SOCIAL, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
23/240-4314-226,99	OUTROS GASTOS DIVERSOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	10.000,00 €
23/240-4314-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	20.000,00 €
23/240-4314-230,20	AXUDAS DE CUSTO, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.900,00 €
23/240-4314-231,20	LOCOMOCIÓN, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	3.000,00 €
	TOTAL (b)	160.000,00 €
	TOTAL (a+b)	284.993,00 €

En consecuencia, ante a necesidade de financiamento para a realización do proxecto "Da Túa Man" á convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro (BOE núm. 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola orde ICT/566/2022 do 15 de xuño (BOE núm. 148 do 22 de xuño de 2022) e o cumprimento dos obxectivos e prazos no marco da citada convocatoria que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e, non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, resulta necesario tramitar un expediente de modificación de crédito.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e ss. e 214 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e coa finalidade de facer fronte ao citado gasto, propónse a tramitación do seguinte expediente de modificación de crédito:

- A transferencia do importe de 284.993,00 €:
 - Aplicación a minorar:
 - 23/942.9420.762.99/2022 Cooperación; 284.993,00 €
 - Aplicacións a suplementar

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240-4314-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	14.520,00 €
23/240-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	16.534,00 €
23/240-4314-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	20.000,00 €
23/240-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	871,20 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	39.688,00 €
23/240-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	63.379,80 €
23/240-4314-120,51	SOLDO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	46.000,00 €
23/240-4314-120,52	TRIENIOS FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	3.500,00 €
23/240-4314-120,53	PAGA EXTRA FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	10.000,00 €
23/240-4314-120,90	O. RETRIBUCIÓN, MELLORAS, I.T. , _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.000,00 €
23/240-4314-121,51	C. DESTINO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	24.800,00 €
23/240-4314-121,52	C. ESPECÍFICO FUNC. INTERINOS SEN PRAZA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	24.800,00 €
23/240-4314-160,00	SEGURIDADE SOCIAL, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
23/240-4314-230,20	AXUDAS DE CUSTO, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.900,00 €
23240-4314-231,20	LOCOMOCIÓN, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	3.000,00 €
TOTAL		284.993,00 €

Documento asinado dixitalmente á marxe

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



ASUNTO	ORZAMENTO 2023: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 01/2023
TRÁMITE	INFORME DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

Expte. 2023004240

A xefatura de xestión do Centro Príncipe Felipe coa conformidade do director xerente e a deputada delegada do centro, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

INFORME

SUBMINISTRACIÓNS DE BIOMASA E GAS NATURAL

Dada a finalización do contrato relativo á “*Actuación global e integrada que supoña a mellora da eficiencia enerxética e prestación de servizos enerxéticos na Cidade Infantil Príncipe Felipe*”- Expte. 2015035902, o cal conclúe o 28 de febreiro de 2023, dende o centro iniciáronse os trámites administrativos para a contratación, entre outros, dos subministros de biomasa e gas natural.

Na elaboración do orzamento 2023, a estimación do custe das ditas subministracións, viuse afectada pola inestabilidade dos prezos do mercado.

A situación actual fai prever que a subida dos prezos experimentada durante os últimos meses do exercicio 2022 (de mais dun 200% para a biomasa e dun 350% para o gas), manterase no exercicio 2023, sendo polo tanto preciso o incremento da dotación orzamentaria na contía que se recolle na táboa.

Aplicación orzamentaria	Importe
232.2312.221.03- Combustibles e carburantes	138.317,49 €

ALUGUER DO GRUPO ELECTRÓXENO PARA O CORRECTO FUNCIONAMENTO DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SAN MAURO

O Centro de Transformación da estación de bombeo de San Mauro, a cal garante a subministración de auga ao CPF, presentou no último trimestre do exercicio 2022 serias deficiencias tanto no seu funcionamento como nas súas medidas de seguridade.

Dada esta situación, foi preciso iniciar á realización dunha reparación de urxencia que permitise a correcta execución do bombeo diario de auga ao centro. A previsión era que os ditos traballos estiveran concluídos antes de finalizar o exercicio 2022, non obstante, a participación de distintos axentes (Fenosa, Viaqua, ...) na consecución das mesmas, non permitiu a conclusión das obras.



En base ao exposto, prevese o ter que contar co aluguer dun grupo electrógeno (transformadores de intensidade, transformadores de tensión, etc.), que garantan o correcto funcionamento da estación do cal depende o abastecemento da auga ao CPF; supoñendo este servizo un custe de 22.000 €

Aplicación orzamentaria	Importe
232.2312.227.99_Traballos realizados por outras empresas	22.000,00 €

ACTUALIZACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE OBRAS

Actualmente o Centro Príncipe Felipe conta cos seguintes proxectos de obras xa elaborados:

1. Substitución do material de cubrición do Centro Infanto Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral de Príncipe Felipe. O prezo base de licitación para a contratación da obra estimouse inicialmente en 794.154,05 €.
2. "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe. O prezo base de licitación para a contratación da obra estimouse inicialmente en 325.391,52 €.
3. Actualización dos prezos do proxecto "Substitución de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras do CEIP Daría González García", e incorporando ao mesmo a "Substitución do material de cubrición do patio cuberto do centro". O prezo base de licitación para a contratación da obra estímase en 455.399,06

En consideración da evolución do mercado en canto os prezos das distintas subministracións, tívose que levar a cabo a actualización dos prezos correspondente, supoñendo dita circunstancia un incremento do prezo base de licitación conforme a información que se recolle na seguinte táboa.

Aplicación	Obxecto	Importe
232.2312.632.03	Actualización do proxecto de "Substitución do material de cubrición do Centro Infanto - Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral de Príncipe Felipe"	295.268,36 €
232.2312.632.03	Actualización do proxecto de "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe"	49.035,21€
232.2312.632.03	Substitución do material de cubrición do patio do centro e substitución de de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras do CEIP Daría González García"	455.399,06

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.



- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, a Dirección do Centro Príncipe Felipe **INFORMA favorablemente a tramitación do expediente para a habilitación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias, conforme o seguinte:**

Aplicación	Obxecto	Importe
23/232.2312.221.03	Combustible e carburantes	138.317,49 €
23/232.2312.227.99	Traballos realizados por outras empresas	22.000,00 €
TOTAL CAPÍTULO II		160.317,49 €

Aplicación	Obxecto	Importe
23/232.2312.632.03	Actualización do proxecto de "Substitución do material de cubrición do Centro Infanto – Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral de Príncipe Felipe"	295.268,36 €
	Actualización do proxecto de "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto – Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe"	49.035,21 €
	Substitución do material de cubrición do patio do centro e substitución de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras do CEIP Daría González García"	455.399,06 €
TOTAL CAPÍTULO VI		799.702,63 €

O que se traslada aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente ao marxe,

INTERVENCIÓN.-



INFORME – PROPOSTA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO PARÁGRAFO PRIMEIRO DA BASE 17.4 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

Segundo o disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) a función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que de aqueles se deriven, e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso. O exercicio desta función comprenderá, entre outras actuacións, a intervención e comprobación material dos investimentos.

O artigo 20 do Real Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, desenvolve os requisitos e condicións aplicables á intervención da comprobación material do investimento polo órgano interventor, sinalando a obriga dos órganos xestores de solicitar ao órgano interventor a súa asistencia á comprobación material dos investimentos cando o importe de esta sexa igual ou superior a 50.000 con exclusión do IVE, sen prexuízo de que as bases de execución fixen un importe inferior.

Pola súa banda a Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción inicial, ampliou o ámbito material desta comprobación, modificando o limiar numérico ao sinalar a asistencia preceptiva do órgano interventor á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Considerando o superior rango normativo da regulación contractual, a Instrución de contratación da Deputación de Pontevedra no artigo 14.1, e as Bases de Execución do Orzamento (base 17.4) estableceron a suxeición á intervención da comprobación material do investimento con asistencia dun representante da Intervención ao acto de recepción, de todos os contratos, excepto os menores.

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, modificou a redacción do apartado primeiro da disposición adicional terceira da LCSP, remitindo a regulación dos termos de exercicio da intervención da comprobación material do investimento (entre os que se inclúen a determinación dos supostos de asistencia obrigatorio do órgano interventor ao acto de recepción) á regulación establecida no Real Decreto 424/2017, de conformidade co seguinte:

Disposición adicional tercera. Normas específicas de contratación pública en las Entidades Locales.

"3. (...) El órgano interventor realizará la comprobación material de la inversión en el ejercicio de la función señalada en el artículo 214.2.d) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en los términos desarrollados en el artículo 20 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local. A efectos de la designación de representante en aquellas inversiones cuyo objeto sea susceptible de comprobación, el órgano interventor podrá aplicar técnicas de muestreo. Podrá estar asistido en la recepción por un técnico especializado en el objeto del contrato, que deberá ser diferente del director de obra y del responsable del contrato. Los servicios de asistencia de las Diputaciones Provinciales asistirán a los pequeños Municipios a estos efectos y los demás previstos en la Ley."



Á vista do exposto, PROPONSE a modificación do parágrafo primeiro da base 17.4. das Bases de Execución do Orzamento, de xeito que o ámbito material da comprobación material do investimento con asistencia preceptiva dun representante da Intervención ao acto de recepción se harmonice coa regulación legal, de conformidade co seguinte:

O órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, agás os contratos de contía inferior á prevista no artigo 20.3 do Real Decreto 424/2017 (ou normativa posterior que a modifique ou substitúa), e aqueles outros que pola súa natureza non admitan a realización dun acto de recepción.

A eficacia do acordo condicionarase á aprobación da modificación das Instrucións de contratación da Deputación Provincial de Pontevedra.

En Pontevedra

Documento datado e asinado dixitalmente



BEB/sml

EXPEDIENTE	2023004240
ASUNTO	PROXECTO "HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL"
TRÁMITE	XERACIÓN DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023

• **ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- Por Resolución Presidencial de data 14 de xuño de 2022, número 2022004591, aprobouse a presentación da solicitude de participación na convocatoria de subvencións establecidas na Orde do 25 de marzo de 2022 (BOE nº 106, de 4 de maio de 2022), para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022, derivada Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e loita contra o despoboamento (BOE nº 290, de 4 de decembro de 2021)

A solicitude foi presentada polo Servizo de Cooperación cos Municipios, o pasado 15 de xuño de 2022, xunto coa documentación necesaria ao efecto, baixo o proxecto denominado "**HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL**".

No que respecta ás condicións económicas da Memoria de solicitude da axuda, o custo total elixible cuantifícase en **500.000,00 €** e o seu desglose por tipoloxía de gastos detállanse na seguinte táboa:

Previsión do Custe do Proxecto e das súas Actuacións e Periodificación Temporal:			
Actuacións:	2023	2024	Total
1. Formación e capacitación	110.000 €	115.000€	225.000 €
2. Habilitación e equipamento 5 Salas formación	25.000 €	0 €	25.000 €
3. Desenrolo Plataforma Formación	100.000 €	60.000€	160.000 €
4. Diagnose inclusiva e-administración concellos	15.000 €	0 €	15.000 €
5. Custes directos	35.000 €	17.500 €	52.500 €
6. Promoción e difusión	10.000 €	12.500 €	22.500 €
Total	295.000,00 €	205.000,00 €	500.000,00€



SEGUNDO.- Previos os trámites legalmente establecidos, o 13 de decembro de 2022 notificouse a esta Deputación a resolución de concesión definitiva da axuda solicitada, nos seguintes termos, 280.658,00 euros de subvención, dos cales 31.430,00 euros corresponden a gastos correntes e 249.228,00 euros a gastos de capital, co que o cadro de financiación quedaría do seguinte xeito:

FINACIAMENTO	2022	2023	2024	TOTAL
SUBV "M.T.E.R.D"	2.339,91 €	278.318,09 €	0,00 €	280.658,00 €
COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	0 €	197.718,54 €	21.623,46 €	219.342,00 €
TOTAL GASTOS	2.339,91 €	476.036,63 €	21.623,46 €	500.000,00 €

Por Resolución Presidencial de data 20 de decembro de 2022, número 2022009089, resolveuse aceptar a subvención concedida por un importe de 280.658,00 €, o que lle foi notificado ao órgano convocante ese mesmo día.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, adoptou entre outros o acordo nº 34.32204 "AXUDA CONCEDIDA POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO (ORDE TED/1358/2021, DE 1 DE DECEMBRO, CONVOCADA POLA ORDE DO 25 DE MARZO DE 2022), DO PROXECTO "HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL" PROPOSTA DE ACORDO DE RATIFICACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN, APROBACIÓN DO PROXECTO E CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN EN ESPECIO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (Expte. 2022042292)."

No acordo recóllese expresamente:

"(...) 1º.- Ratificar a aceptación da subvención concedida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO ou MTERD).

2º.- Aprobar o proxecto denominado "221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL" así como a distribución do gasto conforme ao recollido no punto décimo primeiro, quedando a anualidade de 2024 condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente en dito exercicio.

3º.- Aprobar a concesión da subvención en especie a cada un dos concellos beneficiarios recollidos no punto décimo segundo.(...)"

A duración e prazo de execución do proxecto é ata o 31 de decembro de 2024, de acordo co establecido no artigo 4 da Orde de convocatoria, indicada no antecedente primeiro.



CUARTO.- No orzamento provincial do exercicio 2023, aprobado definitivamente no Pleno do día 25 de novembro do 2022 e publicado no BOPPO do 15 de decembro de 2022, non se recollen nin conceptos nin aplicacións orzamentarias específicas para desenvolver o devandito proxecto, tal e como consta no informe de Intervención de data 19 de decembro de 2022, que en canto aos trámites orzamentarios a seguir indica:

“(...) No exercicio 2022, unha vez aceptada a subvención e os compromisos de execución (tanto xurídicos, económicos, como os correspondentes aos pazos de execución e xustificación), abriremos o proxecto de gastos 221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, creándose as aplicacións orzamentarias ligadas ao proxecto, sobre o que se contabilizarán as operacións de “xeración de crédito”, polo importe da subvención para percibir neste ano por importe de 2.339,91€.

Para os exercicios 2023 e 2024, incluíranse os respectivos “orzamentos” os importes sinalados no “cronograma de execución”, tanto nas aplicacións do orzamento de gastos, como nos conceptos de ingresos, que recollan respectivamente os créditos e o financiamento para recibir, dentro do módulo do proxecto de gasto 221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. Respecto dos municipios beneficiarios: A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis Moraña e Forcarei, tramitaranse os respectivos convenios mediante un “modelo normalizado”, que recolla explicitamente as accións para desenvolver en cada un dos municipios e demais características económicas e xurídicas.(...)”.

• **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito.
- R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto, e con especial referencia ao artigo Segundo o artigo 174, referido aos compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

• FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO.- Trátase dun proxecto plurianual (2022-2024) financiado con fondos do MITECO e fondos propios e para a anualidade 2023, atendendo ao artigo 181 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse realizar as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo MITECO para este exercicio e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

SEGUNDO.- Para o exercicio 2024, deberanse incluír no orzamento provincial os importes que correspondan, tanto nas aplicacións orzamentarias de gastos, como nos conceptos de ingresos que recollan respectivamente os créditos e o financiamento para recibir do proxecto de gastos específico.

Por todo o exposto, ante a necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte derivados da execución do proxecto e, non existindo consignación no estado de gastos do orzamento corrente, propónse a incorporación do que a continuación se detalla no próximo expediente de modificación de crédito:

2210004 HUB PARA LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL		
APLICACIÓN	DETALLE	2023
231-2317-120.51	Soldo func. interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL)	8.629,12 €
231-2317-120.53	Paga extra func. interinos sen praza ((HUB, BRECHA DIGITAL)	1.417,83 €
231-2317-121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL	5.954,89 €
231-2317-121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL)	5.671,33 €
231-2317-160.00	Seguridade Social (HUB, BRECHA DIGITAL)	6.563,46 €
231-2317-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (HUB, BRECHA DIGITAL)	22.500,00 €
231-2317-226,06	XORNADAS, REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS (HUB, BRECHA DIGITAL)	50.000,00 €
231-2317-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (HUB, BRECHA DIGITAL)	96.981,91 €

Asinado dixitalmente na marxe.



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. MEDIO AMBIENTE

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar suplemento de crédito na aplicación orzamentaria que se detalla na seguinte táboa, co importe que se sinala:

PARTIDA A INCREMENTAR	DENOMINACIÓN	ENTIDADE BENEFICIARIA	IMPORTE
23/410.1720.489.03	SEMINARIO: ECONOMÍA AZUL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA	FUNDACIÓN ALTERNATIVAS	60.000 €

En consecuencia, propono a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe

INTERVENCIÓN



JV

Expediente	2023004240
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO E ANEXO II BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023
Trámite	PROPOSTA DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

No orzamento provincial do exercicio 2023, aprobado definitivamente no Pleno do día 25 de novembro do 2022 e publicado no BOPPO do 15 de decembro de 2022, figura no anexo II das súas bases, as subvención nominativas da aplicación orzamentaria 334.3340.489.05.

En dita relación, por un importe total de 340.000,00 euros, produciuse error material, ao non reflectir a dúas entidades beneficiarias na concesión da súa subvencións nominativas, recollendo en cambio o seu importe no total establecido e arriba indicado.

En consecuencia, correspondería facer constar debidamente as entidades e os importes que que a continuación se relacionan, sen que dita modificación altere o importe total de 340.000,00 € establecido:

Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO (GRUPO DE INVESTIGACIÓN GRADES)	Proxecto A situación sociolingüística da Provincia de Pontevedra	25.000,00 €
G70583596	ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGA GALEGA	Cota anual adhesión como membro da asociación	30.000,00 €

Por outra banda, a ASOCIACIÓN DE XORDOS DE GALICIA XOGA, con CIF G-94123064, presentou o día 12/12/2022 en rexistro WEB2022062759 a solicitude de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Deputación de Pontevedra [Artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións], por importe de 30.000,00 €, tal como viña recollido e establecida no orzamento provincial do exercicio 2022.

Dita solicitude, unha vez informada por este servizo, non se avanzou no trámite á area de Intervención, o cal supón un prexuízo para dita entidade.

Dado que dita axuda resulta concorrente nos últimos orzamentos desta institución provincial e a resulta fundamental para manter a actividade periódica da asociación, desde o Servizo de



Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos solicítase que na vindeira modificación de créditos, se inclúa a cantidade de 30.000,00 € na aplicación orzamentaria 23/334.3340.489.05, e figure nominativamente unha subvención por dito importe a favor da ASOCIACIÓN DE XORDOS DE GALICIA XOGA, con CIF G-94123064, para o proxecto "REVITALIZACIÓN DA LINGA DE SIGNOS GALEGA, LSG-ANO 2022"

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na marxe



INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO SERVIZO DE DEPORTES

ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023, que comprende entre outras as bases de execución do orzamento xeral da Deputación no que se inclúe unha subvención nominativa prevista no orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 ao club deportivo Bádminton Ravachol (G94146743) para a súa participación no Top 8 Liga Sport por importe de 10.000,00 € incluída na aplicación orzamentaria 23/340.3410.489.02.

IFORMA:

Que o importe que se aprobou ao club Bádminton Ravachol (G94146743), na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2022 do Pleno da Deputación non era o correcto, posto que a cantidade que debía figurar era a de 15.000,00 €, polo tanto

PROPONSE

Levar a cabo unha modificación da subvención nominativa prevista no orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 ao club deportivo Bádminton Ravachol (G94146743) para a súa participación no Top 8 Liga Sport, propoñendo un incremento na mesma de 5.000,00 €, resultando un importe final de 15.000,00 €, dada a existencia de crédito na vinculación da aplicación 23/340.3410.489.02 do vixente orzamento provincial.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



BEB/svv

EXPEDIENTE	2023004240
ASUNTO	MODIFICACIÓN ANEXO II BASES EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023
TRÁMITE	MODIFICACIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2023

1º.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023, publicado no BOPPO nº 238 de 15 de decembro de 2022.

No Anexo II das Bases de Execución do orzamento, figuran como subvencións nominativas con cargo a este servizo xestor as seguintes:

“(...)

231- COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
23/231- 2313-480,02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL	925.000,00 €	
Q168010A	CONVENIO REAL ACADEMIA GALEGA CIENCIAS	12.000 €	ORGANIZACIÓN DE CONFERENCIAS CIENTIFICAS
Q8650002B	CONVENIO CENTRO DE LINGUAS UNIVERSIDADES DE VIGO	18.000 €	CUROS DE ESPAÑOL PARA PERSOAS INMIGRANTES
G36861078	Fundación ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	12.500 €	Emprego inclusivo
G32115941	CONFEDERACION COGAMI	40.000 €	Servizo integral de Intermediación laboral para persoas con discapacidade da Provincia de Pontevedra
G36704195	COGAMI-Pontevedra. Federación provincial Asoc. persoas con discapacidade provincia Pontevedra	40.000 €	Atención integral a persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra.
G36461697	AFAPO - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer y otras demencias Pontevedra	20.000 €	Terapias no farmacolóxicas en pacientes con demencia
G36624120	APAMP - Asoc. Familias persoas con Parálise Cerebral	15.000 €	Centro de recursos de atención á infancia

Firmado por: OLGA MARIA GARCIA BALLESTEROS - ***0453**
 Cargo: Deputada delegada
 Data: 14/02/2023 12:44

Firmado por: BEGOÑA ESTEVEZ BERNARDEZ - ***9314**
 Cargo: Xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude
 Data: 14/02/2023 10:10



G36624963	ALBORADA - Asoc. Ciudadana Lucha Contra la Droga	15.000 €	Programa de formación ocupacional e emprendemento en agricultura ecolóxica para usuarios en situación de exclusión social (Programa Verdear)
G36583839	AFASAL - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer	15.000 €	Rehabilitación F./Talleres de estimulación para enfermos de alzheimer
G36642726	Asoc. ÉRGUETE	12.500 €	Coñece-Decide
G36368488	AFAMO - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer do Morrazo	20.000 €	Atención integral a persoas afectadas de alzheimer e outras demencias neurodexenerativas
G94123064	XOGA - Asoc. Xordos de Galicia	10.000 €	SILS-Servizo Intérpretes e Guantérpretes de LS
G15545353	FEAFES - Federación Asociacións Galicia Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia	20.000 €	PRACTIUM. Prácticas non laborais en empresas.
G36846152	ARELA - Asociación Apoio á Infancia e Mocidade	10.000 €	Programa de intervención educativa e preventiva para persoas menores de idade
G15258213	Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia	20.000 €	Programa integral de atención a persoas consumidoras de psicoestimulantes
G36164887	XUNTOS - DOWN Pontevedra	10.000 €	Estimulación da linguaxe oral. Área vida adulta
G36124279	Asoc. ERGUETE Baixo Miño	10.000 €	Érguete Emprega: Programa de inserción sociolaboral
G28197564	AECC - Asoc. Española contra el Cáncer	15.000 €	Programa de Atención Biosocial a los pacientes y sus familias.
G36697324	DOWN - Vigo. Asoc. Para o Síndrome de Down	10.000 €	Autonomía para a vida: Programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno
G36153757	Asoc. AMENCER-ASPAC	15.000 €	Mellora na atención das necesidades sanitarias.
G36776920	AFAGA	20.000 €	Alzheimer 360º
G36282184	Esperanza Salnés	10.000 €	Programas de intervención terapéutica



G35103431	Radio ECCA	10.000 €	Becas alfabetización
G84451087	FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL	15.000 €	Atención a infancia máis vulnerable en situación de emerxencia
G15369002	ASOCIACIÓN COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO	15.000 €	Programa de sensibilización en dereitos humanos e xustiza social global

(...)"

Unha vez cotexado dito Anexo, có documento remitido por este Servizo, advírtense erros, polo que **SOLICÍTASE** a modificación de dito Anexo II-Subvenciones Nominativas do Servizo de Cohesión Social, sendo o correcto o seguinte:

231- COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
23/231- 2313-480,02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL	925.000,00 €	
Q168010A	CONVENIO REAL ACADEMIA GALEGA CIENCIAS	12.000 €	ORGANIZACIÓN DE CONFERENCIAS CIENTIFICAS
Q8650002B	CONVENIO CENTRO DE LINGUAS UNIVERSIDADES DE VIGO	18.000 €	CUROS DE ESPAÑOL PARA PERSOAS INMIGRANTES
G36861078	Fundación ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	12.500 €	Emprego inclusivo
G32115941	CONFEDERACION COGAMI	40.000 €	Servizo integral de Intermediación laboral para persoas con discapacidade da Provincia de Pontevedra
G36704195	COGAMI-Pontevedra. Federación provincial Asoc. persoas con discapacidade provincia Pontevedra	40.000 €	Atención integral a persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra.
G36461697	AFAPO - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer y otras demencias Pontevedra	20.000 €	Terapias no farmacolóxicas en pacientes con demencia
G36624120	APAMP - Asoc. Familias persoas con Parálise Cerebral	15.000 €	Centro de recursos de atención á infancia



G36624963	ALBORADA - Asoc. Ciudadana Lucha Contra la Droga	15.000 €	Programa de formación ocupacional e emprendemento en agricultura ecolóxica para usuarios en situación de exclusión social (Programa Verdear)
G36583839	AFASAL - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer	15.000 €	Rehabilitación F./Talleres de estimulación para enfermos de alzheimer
G36642726	Asoc. ÉRGUETE	12.500 €	Coñece-Decide
G36368488	AFAMO - Asoc. Familiares Enfermos Alzheimer do Morrazo	20.000 €	Atención integral a persoas afectadas de alzheimer e outras demencias neurodexenerativas
G94123064	XOGA - Asoc. Xordos de Galicia	10.000 €	SILS-Servizo Intérpretes e Guiantérpretes de LS
G15545353	FEAFES - Federación Asociacións Galicia Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia	20.000 €	PRACTIUM. Prácticas non laborais en empresas.
G36846152	ARELA - Asociación Apoio á Infancia e Mocidade	10.000 €	Atención individualizada para nenas, nenos e adolescentes residentes nas casas de familia Arela de Vigo
G15258213	Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia	20.000 €	Programa integral de atención a persoas consumidoras de psicoestimulantes
G36164887	XUNTOS - DOWN Pontevedra	10.000 €	Estimulación da linguaxe oral. Área vida adulta
G36124279	Asoc. ERGUETE Baixo Miño	10.000 €	Érguete Emprega: Programa de inserción sociolaboral
G28197564	AECC - Asoc. Española contra el Cáncer	15.000 €	Atención bio-psico-social ao doente oncolóxico e os seus familiares
G36697324	DOWN - Vigo. Asoc. Para o Síndrome de Down	10.000 €	Autonomía para a vida: Programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno
G36153757	Asoc. AMENCER-ASPACE	15.000 €	Mellora na atención das necesidades sanitarias.



G36776920	AFAGA	20.000 €	Servizo de Atención integral á contorna familiar e convivencial de persoas con demencia
G36551828	Fundación para discapacidade e emprego JUAN XXIII	10.000 €	NATURA XXIII- Proxecto de creación de emprego en actividades medioambientais
G35103431	Radio ECCA	10.000 €	Becas alfabetización
G84451087	FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL	15.000 €	Atención a infancia máis vulnerable en situación de emerxencia
G15369002	ASOCIACIÓN COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO	15.000 €	Programa de sensibilización en dereitos humanos e xustiza social global

Asinado dixitalmente na marxe

Firmado por: OLGA MARIA GARCIA BALLESTEROS - ***0453**
 Cargo: Deputada delegada
 Data: 14/02/2023 12:44

Firmado por: BEGOÑA ESTEVEZ BERNARDEZ - ***9314**
 Cargo: Xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude
 Data: 14/02/2023 10:10



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

No próximo expediente de modificación de crédito deben incluirse as que a continuación se detallan:

- 1.- Na aplicación 23/330.3340.226.09 (Gastos diversos) figura unha consignación 100.000,00 € para o Proxecto Mulleres Extramuros (Intervencións artísticas) a cal é preciso incrementar en 20.000,00 €.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe



EXPEDIENTE	2023004240
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/ 2023
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar varias actuacións durante o exercicio 2023 para o correcto desenvolvemento dos fins previstos. Os gastos derivados das ditas actuacións son os seguintes:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
23/433.4320.227.99	40.000,00 €	STANDS PARA FEIRAS DE TURISMO
23/433.3360.622.00	135.000,00 €	CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES – CASTELO DE SOUTOMAIOR (Incremento do orzamento de licitación)

Considérase necesario, ademais, a concesión das seguintes subvencións nominativas, non previstas no orzamento aprobado.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	N.I.F. (BENEFICIARIO)	BENEFICIARIO	OBJECTO E FINALIDADE	IMPORTE
23/433.4320.762.41	P3604100B	CONCELLO DE POIO	CENTRO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA E DO PATRIMONIO HISTÓRICO – CULTURAL MUNICIPAL NA “CASA DE COMBARRO”	100.000,00 €
23/433.4320.487.01	G94044047	ASOCIACIÓN MACEIRA E SIDRA DA ESTRADA	RUTA DA SIDRA	15.000,00 €
23/433.4320.487.01	G36407344	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE LA CAMELIA	EXPOSICIÓN CAMELIA	30.000,00 €

Por outra banda, cómpre modificar o importe da subvención nominativa prevista no orzamento da Deputación de Pontevedra a favor do Concello de Arbo, xa que a actividade subvencionada (Festa da Lamprea) foi declarada festa de interese turístico internacional mediante resolución de 16 de xaneiro de 2023 da Secretaría de Estado de Turismo. A resolución publicouse no BOE nº 28 de 2 de febreiro de 2023.

O orzamento da Deputación de Pontevedra contempla subvencións por importe de 6.000,00 € para as entidades que organicen festas de interese turístico nacional e 8.000,00 € para as entidades que organicen festas de interese turístico internacional, polo que cómpre modificar o Anexo I das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra no seguinte sentido:



Orzamento inicial:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	N.I.F. (BENEFICIARIO)	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	CANTIDADE
23/433.4320.462.04	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	FESTA DA LAMPREA (INTERESE TURÍSTICO NACIONAL)	6.000,00 €

Orzamento modificado:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	N.I.F. (BENEFICIARIO)	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	CANTIDADE
23/433.4320.462.04	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	FESTA DA LAMPREA (INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL)	8.000,00 €

PROPOSTA:

O importe total da modificación proposta ascende 185.000,00 € desagregada da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO GASTO
23/433.4320.227.99	40.000,00 €	Stands para feiras de turismo
23/433.4320.462.04	2.000,00 €	Incremento subvención nominativa ao Concello de Arbo para a celebración da Festa da Lamprea (Festa de interese turístico internacional)
23/433.4320.487.01	45.000,00 €	Subvención á "Asociación Maceira e Sidra da Estrada" e á "Sociedad Española de la Camelia"
23/433.4320.762.41	100.000,00 €	Subvención ao Concello de Poio para a creación dun centro de promoción turística e do patrimonio histórico - cultural municipal na "Casa de Combarro"
23/433.3360.622.00	135.000,00 €	Centro de recepción de visitantes - Castelo de Soutomaioir
TOTAL	322.000,00 €	

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



EXPEDIENTE	
ASUNTO	SUPLEMENTACIÓN DE CRÉDITO DAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE CONTRATACIÓN LABORAL PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN: A TÚA PRIMEIRA EXPERIENCIA LABORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL ASÍ COMO A DE GASTOS XURÍDICOS
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE RRHH E FORMACIÓN

Neste primeiro trimestre do ano prevíuse por en marcha o programa formativo “A TÚA PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023” que ten por obxecto facilitarles ás e aos titulados universitarios e de ciclos superiores de formación profesional o acceso, dentro da provincia, a un primeiro emprego adecuado ao nivel de estudos cursados, que lles permita adquirir experiencia profesional e lles facilite a súa futura inserción no mercado laboral.

Seguindo a liña marcada no ano anterior, a través de dito plan preténdese celebrar 33 contratos formativos, dirixidos a persoas desempregadas da provincia de Pontevedra, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos.

Por tanto, considerando que coa reforma laboral incrementáronse os salarios previstos para este tipo de contratacións do 60% ao 100% da retribución establecida para o grupo profesional e nivel de titulación correspondente, de conformidade co disposto no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, **PROPONSE** complementar crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicacións que incrementa crédito	Importe
921.9200.131.00	60.000 €
921.9200.160.01	20.000 €
Total	80.000 €

Así mesmo, considerando que resulta insuficiente a dotación orzamentaria consignada para a gastos xurídicos, **PROPONSE** complementar crédito na seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicacións que incrementa crédito	Importe
921.9200.226.04	60.000 €

Asinado dixitalmente ao marxe



Concello da Cañiza

LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, ALCALDE DO CONCELLO DE A CAÑIZA

Visto o Acordo do Pleno da Corporación Provincial da súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2023 polo que se aproba a modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Cañiza para realizar a actuación "EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA", ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

Visto que se solicitara subvención ao abeiro do Plan Concellos 2022 para a obra de Rehabilitación enerxética da piscina por importe de 188.272,79 euros, e dos mesmos foron liberados 159.442,51 euros.

Vista a publicación no BOP núm. 230 de data 27.11.2021, das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023, nas que se recollen as condicións para que os concellos da provincia poidan acollerse ás subvencións deste plan que ten como firme propósito cooperar cos concellos no financiamento dos investimentos necesarios para a efectiva prestación dos servizos propios e obrigatorios contemplados nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cumprindo así o disposto no artigo 36.1 desta Lei, no que se establece como unha das competencias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos concellos, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión.

Vista a base quinta das anteriores, onde se recollen o Financiamento e contía das subvencións e a normativa aplicable, básicamente os *artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.*

SOLICITO

Empregar o crédito dispoñible do Plan Concellos 2022 (Convenio Reacpon) por importe de 159.442,51 euros para financiar o proxecto a incluír no Plan Concellos 2023 de MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PETÁN, ACHAS, PARADA, A CAÑIZA E VALEIXE", cuio orzamento total ascende a 235.075,21 euros.

Cofinanciar o citado proxecto na cantidade de 75.632,70 euros co Plan Concellos 2023 para financiar a diferenza de custe entre o total do proxecto e o importe liberado do Plan Concellos 2022.

Documento asinado electrónicamente por LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza



Asunto: SUPLEMENTO DE CREDITO

Manuel Corujo Castro, como xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, informo,

Que nestes últimos anos, esta institución provincial ten feito un considerable esforzo orzamentario e de xestión no camiño de alcanzar os obxectivos da axenda 2030, a través da procura da igualdade de oportunidades, a cooperación no desenvolvemento económico e social da provincia, etc.

Dende este servizo se veñen realizando unha serie de iniciativas e programas que contribúen a fomentar e mellorar a empregabilidade dos desempregados de cara a súa futura integración laboral, así como, de xeito indirecto, no desenvolvemento económico da nosa provincia poñendo en marcha programas como "A túa Primeira experiencia", "O Teu primeiro emprego", etc , que facilitaban a entrada no mercado laboral as persoas mozas da provincia cunha contratación, na modalidade de contratos formativos, en empresas, concellos da provincia e ONG's:

Este ano 2023, apóstase por darlle un impulso ó obxectivo 8 e promover o "traballo decente e crecemento económico"; e mais concretamente a meta 8.5 que é a de lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para as persoas con discapacidade e que se traducirá na creación dun programa destinado a contratación de persoas con discapacidade, contando como entidades colaboradoras as entidades rexistradas no RUEPPS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais).

Dado que toda planificación eficaz e eficiente necesita da existencia de estruturas que as desenvolvan, así como dos recursos suficientes para o seu funcionamento, resulta necesario o incremento orzamentario para a realización destas principais actividades establecéndose unha estimación inicial **por importe Deputación Provincial de Pontevedra 60.000€** e estruturado do seguinte xeito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
23/240.2410.489.90	Outras transferencias . A familias e INST. SEN FINS..	60.000€
	IMPORTE TOTAL A SUPLEMENTAR	60.000€

Firmado por: MANUEL CORUJO CASTRO - ***9973**
Cargo: Xefe do servizo de Promoción de Emprego
Data: 14/02/2023 11:54

ÁREA DE INTERVENCIÓN

MPN/em

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA SOBRE INCOACIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE UN INVESTIMENTO DO CONCELLO DA CAÑIZA
ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada "Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza", ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 - Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).

O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).

De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000062, do 11/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o 13/01/2022 (expte. 2021039818).

Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno, do 28/01/2022, concedeuse ao Concello da Cañiza unha subvención de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (expte. 2022001119), e resultando a seguinte táboa de financiamento:

Orzamento (licitación)	689.048,95€
Programa ReacPon	500.776,16€
Plan Concellos 2022-2023	188.272,79€

Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto modificado da actuación subvencionada. O orzamento de adxudicación do novo proxecto ascende a 814.332,96€ (aplicada a porcentaxe da adxudicación). O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 6.7859, adoptado na sesión ordinaria do 30/09/2022, aprobou o proxecto modificado.

Mediante a resolución presidencial núm. RP2022008253, de 17/11/2022, aprobouse a correspondente addenda ao convenio, a cal se asinou o día 15/12/2022, e na que se establece o seguinte cadro de financiamento:

Orzamento (adxudicación proxecto modificado)	814.332,96€
Programa ReacPon	500.776,16€
Plan Concellos 2022-2023	188.272,79€
Achega municipal	125.284,01€



Posteriormente o Concello comunica á Deputación a notificación da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha subvención de 727.678,69€ (689.633,87€ de execución de obra e 38.044,82€ de honorarios técnicos) para a mesma actuación do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA), dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP Local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR). A partida de honorarios non se inclúe na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon.

Á vista da obtención da nova subvención ministerial, e mantendo as porcentaxes recollidas na addenda ao convenio, mediante o acordo do Pleno provincial núm. 3.7922, do 27/01/2023, aprobouse a modificación do acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, de concesión da subvención para reaxustar o financiamento da actuación, de conformidade coa seguinte táboa:

Orzamento (adxudicación proxecto modificado)	814.332,96€
Programa ReacPon	76.684,03€
Plan Concellos 2022-2023	28.830,28€
Achega municipal	19.184,78€
MITMA (subvención PIREP Local sen honorarios)	689.633,87€

A cantidade financiada a través da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, redúcese de 188.272,79€ a 28.830,28€, resultando un importe sobrante de 159.442,51€, que debe ser obxecto dun expediente de modificación de crédito para tramitar a posterior concesión dunha subvención nominativa.

O Concello da Cañiza presenta na data 31/01/2023 no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023004824) unha solicitude de subvención de 235.075,21€ para o investimento “Mellora de camiños municipais nas parroquias de Petán, Achas, Parada, A Cañiza e Valeixe”, cun orzamento polo mesmo importe (225.596,37€ de execución de obra e 9.478,84 de honorarios técnicos).

O 13/02/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023008111) un escrito no que manifesta que a dita cantidade de 159.442,51€ destinarase ao financiamento do dito investimento e cofinanciarase con 75.632,70€ provenientes da partida destinada ao Concello da Cañiza da anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023.

Para facer efectivo este novo investimento é preciso a modificación orzamentaria pertinente ao fin de que o crédito orzamentario da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 transferido á aplicación orzamentaria do Programa ReacPon (159.442,51€) retorne á correspondente aplicación orzamentaria do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- De acordo co artigo 147 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LHL), se comprenderán entre as subvencións acordadas polo Estado e as Comunidades Autónomas, conforme ao artigo 40 da mesma lei, a prol das deputacións, as destinadas a financiar os plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, a que se refire o artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- No artigo 177 da LHL desenvólvense os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para o caso de que haxa de realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado. O expediente haberá de especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que se haxa de financiar no aumento que se propón.

- O artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira dispón que as políticas de gasto público deberán situarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- O artigo 2 da LRBRL apunta que a xestión das entidades locais atenderán aos principios de proximidade, eficacia e eficiencia, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- O artigo 1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, precisa como criterio preferente de lexitimación na xestión dos recursos públicos, o de máxima proximidade á cidadanía.

CONSIDERACIÓN FINAL

Polo exposto, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, e dado que a actuación para a cal se interesa a modificación orzamentaria é de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da LRBRL, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria correspondente e facer fronte ao novo investimento.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación, Marina Piñeiro Novo

Conforme, o deputado delegado da Área de Cooperación, Santos Héctor Rodríguez Díaz

INTERVENCIÓN



O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

4.7719.- **CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIONES SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID 19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021025615)**

ANTECEDENTES

1º. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28/05/2021, punto 7.7624, acordou aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia). As ditas Bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 102, do 01/06/2021, sendo o prazo de presentación de solicitudes de dous meses a partir de dita publicación.

De acordo coa base 1ª o obxecto da convocatoria diríxese á concesión de subvencións aos concellos, que se estruturan en tres liñas de actuacións: rehabilitación de edificios existentes (tipo 1), nova edificación (tipo 2) e espazos urbanos (tipo 3).

De acordo coa base 5ª o financiamento do Programa REACPON ascende a vinte millóns de euros (20.000.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2021, imputable á aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75.

2º. Posteriormente, o Pleno provincial, na súa sesión ordinaria do día 26/11/2021, punto 8.7706 (BOPPO núm. 230, do 27/11/2021), acordou aprobar unha modificación parcial das Bases do Programa REACPON, que afecta ás bases 5ª e 6ª, para suplementar o crédito en seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaioito euros con oitenta e nove céntimos (6.334.918,89€), da seguinte maneira:

- Un suplemento de crédito de cinco millóns de euros (5.000.000,00€) na



anualidade 2021, imputables á citada aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación e formalización.

- Un suplemento de crédito dun millón trescentos trinta e catro mil novecentos dezaoto euros con oitenta e nove céntimos (1.334.918,89€), na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

Tendo en consideración esta modificación parcial das Bases, o financiamento total por parte da Deputación do Programa REACPON ascenderá a un máximo de vinte e seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaoto euros con oitenta e nove céntimos (26.334.918,89€).

3º. Segundo a base 6ª o procedemento de concesión é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios e baremos contidos en dita base, correspondéndolle a súa instrución á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios, tal como se indica na base 7ª.

4º. O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 02/08/2021 e dos potenciais beneficiarios da convocatoria, os 59 concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, presentaron a solicitude un total de 55 concellos. Segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª procedeuse a requirir a todos os concellos a emenda das súas solicitudes no prazo improrrogable de 10 días con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das solicitudes, previa resolución.

Unha vez finalizado o prazo de emenda concedido no parágrafo anterior, todos os concellos achegaron nova documentación para emendar as súas solicitudes.

5º. A instrutora do procedemento acordou excluír do proceso de valoración por parte da Comisión de Persoas Expertas as solicitudes do Concello de Arbo e Ribadumia por non dispoñer da titularidade dos terreos ou dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña unha duración indefinida, quedando excluídas segundo o apartado 1 da base 6ª. No caso do Concello de Arbo consta presentada unha escritura de cesión que non ten carácter indefinido e no caso do Concello de Ribadumia a actuación que se pretende realizar afecta a un viario de titularidade provincial.

Así mesmo, acordou excluír a solicitude do Concello de Mondariz-Balneario por inviabilidade de realización da actuación proposta xa que, segundo o



informe técnico emitido polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, a sección proxectada do viario obxecto de actuación non se corresponde co espazo dispoñible no terreo.

Finalizado o proceso de valoración quedan excluídos tamén os Concellos de Soutomaíor, Pazos de Borbén, Barro, O Porriño e Agolada, xa que non acadan a puntuación mínima esixida polas Bases.

6º. En base aos criterios de concesión, os datos existentes no Servizo de Cooperación, o informe dos servizos técnicos de Cooperación de data 13/10/2021 e as actas das sesións da Comisión de Persoas Expertas de datas 05/08/2021, 06/09/2021, 04/10/2021, 20/10/2021, 26/10/2021 e 04/11/2021, a instrutora elaborou na data 30/11/2021 unha proposta de puntuación detallada e en orde decrecente, obtida por cada solicitude incluída na fase de valoración e propoñendo a concesión de subvención a 47 solicitudes. De acordo co previsto nas Bases reguladoras, na data 01/12/2021 a Intervención provincial fiscalizou favorablemente o informe da instrutora xunto coa proposta de puntuación e a relación motivada de solicitudes a excluír. Nesa mesma data a Comisión de Avaliación procedeu ao estudo do dito informe acordando por unanimidade que se eleve ao Pleno para a súa aprobación como proposta de resolución definitiva o citado informe, no que se propón a concesión de subvención para as solicitudes de 47 concellos, dun total de 55 solicitudes presentadas.

Á vista desta última valoración a instrutora formula o presente informe-proposta de concesión de subvencións para a súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación.

7º. En total son 47 solicitudes as que cumpren todos os requisitos esixidos polas Bases, e entre elas propónse o reparto do crédito e deste xeito correspóndelles a concesión do 100% da subvención solicitada sumando un importe total de 26.284.445,54€, cifra que está dentro do crédito total que estará dispoñible unha vez tramitados os citados suplementos de crédito, no seu caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Bases 47^a e 48^a de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7^a da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nas Bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado e as porcentaxes de cofinanciamento. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as Bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25^a do orzamento provincial para o exercicio 2021 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1^a da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8^a e 10^a da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Base reguladora 10^a da convocatoria que, segundo o disposto nos artigos 68.1 da LPAC, 23.5 da LXS, e 20.6 da LSG, prescribe que no caso de presentar incompleta a documentación á que se refire a dita base, se requirirá ao interesado para que nun prazo máximo de 10 días hábiles, emende as faltas



- ou omisións, con indicación de que de non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.
- Artigos 23.5 da LXS e 20.6 da LSG, en concordancia co artigo 68.2 da LPACAP, polos que o prazo de requirimento de emenda, ao abeiro dos procedementos de concesión en réxime de concorrencia competitiva, será improrrogable.
 - Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
 - Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2021, e visto o informe dos servizos técnicos de Cooperación de data 13/10/2021, as actas das sesións da Comisión de Persoas Expertas de datas 05/08/2021, 06/09/2021, 04/10/2021, 20/10/2021, 26/10/2021 e 04/11/2021, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de data 30/11/2021, o informe de Intervención de data 01/12/2021, e a acta da Comisión de Avaliación de data 01/12/2021, e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 14/12/2021, o Pleno acorda por unanimidade:

- APROBAR A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), segundo o procedemento de concorrencia competitiva, aos 47 concellos beneficiarios que figuran no **Anexo I** a este acordo, para a realización dos investimentos que se relacionan no mesmo, por un importe total de 26.284.445,54€, e de acordo coas porcentaxes previstas nas Bases reguladoras. Dado que o citado importe supera o importe inicial recollido nas Bases (20.000.000,00€) a concesión queda condicionada á modificación das mesmas, á aprobación da correspondente modificación de crédito no ano 2021, á



aprobación definitiva do orzamento para 2022 e á existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás axudas no dito exercicio.

Así mesmo, a concesión de subvención aos Concellos de Baiona, Caldas de Reis, Covelo, Pontecesures, Salvaterra de Miño, Silleda, Valga e Vilaboa queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais e a concesión ao Concello de Pontearreas queda condicionada á efectividade do cambio de titularidade do viario.

A concesión das subvencións aos Concellos da Guarda e Sanxenxo queda condicionada á aprobación da modificación de crédito correspondente do ano 2022.

No **Anexo II** relaciónanse as oito solicitudes desestimadas, motivando as razóns da exclusión.

- AUTORIZAR e comprometer o gasto por importe de 25.000.000,00€ na aplicación 2021/942.9420.762.75 do vixente orzamento provincial, condicionado á aprobación definitiva da correspondente modificación de crédito no ano 2021.

- AUTORIZAR e comprometer o gasto por importe de 1.334.918,89€ na anualidade 2022, na aplicación que será, no seu caso, a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo á incorporación de remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

a) Tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, no caso de que os proxectos contemplan varias actuacións, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

b) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.

c) Os beneficiarios deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras da convocatoria.

d) Os beneficiarios deberán ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 30/04/2023. Así mesmo, deberán xustificalas no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria) sen exceder, en todo caso, o 30/09/2023. O



incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

e) A licitación, execución e xustificación destes investimentos correspóndelle aos concellos beneficiarios, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras do Programa REACPON e á demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

f) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases reguladoras, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

- DARLLE TRASLADO do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

ANEXO I – PROPOSTA DE CONCESIÓN DE 47 SUBVENCIONES

EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	LIÑA	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
(...)								
2021039818	A CAÑIZA	EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA	1	61,27	689.048,95	500.776,16	188.272,79	
(...)								
		TOTAL			39.074.231,82	26.284.445,54	12.789.786,28	

ANEXO II – RELACIÓN DE 8 SOLICITUDES DESESTIMADAS

EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	MOTIVOS DE EXCLUSIÓN
(...)			



O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, coa advertencia que establece o artigo 206 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

O secretario,

Por delegación, a xefa do Servizo de Cooperación,
segundo R.P. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016

Marina Piñeiro Novo

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO



O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

3.7922.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA CAÑIZA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTE. 2021039818)**

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021000062 de 11/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022.
- Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención a dito concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa REACPON.(Exppte. 2022001119).
- Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto modificado da actuación subvencionada. O orzamento do novo proxecto ascende a 826.733,95€ (814.332,96€ ao aplicar a baixa de adxudicación). O Pleno da



Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 6.7859, adoptado na sesión ordinaria do 30/09/2022, aprobou o proxecto modificado. Mediante a resolución presidencial núm. RP2022008253, de 17/11/2022, aprobouse a correspondente Addenda, a cal se asinou o día 15/12/2022.

- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello da Cañiza por un importe de 727.678,69€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon (38.044,82€ dos 727.678,69€ da mencionada axuda corresponden a honorarios (redacción de proxecto), partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon). Dita Resolución publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA.
- Na data 17/01/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 17/01/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento



- aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
 - Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
 - Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
 - Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
 - Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
 - Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras



administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente permitirase o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrante que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal deberase tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Á vista dos gastos elixibles da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza” subvencionados polo MITMA ao abeiro do PIREP local, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación:	814.332,96 €	
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	500.776,16 €	
Porcentaxe aportación Deputación	61,50%	
Aportación do Concello	313.556,80 €	
Porcentaxe aportación Concello	38,50%	
Subvención MITMA (PIREP):	727.678,69 €	
Honorarios	38.044,82 €	
Subvención MITMA restando honorarios	689.633,87 €	
Importe restante a cofinanciar :	124.699,09 €	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	76.684,03 €	61,50%
Concello	48.015,06 €	38,50%
Total	124.699,09 €	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (500.776,16€) e a subvención reaxustada (76.684,03€), que ascende a 424.092,13€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Así mesmo, a cantidade financiada a través do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), redúcese de 188.272,79€ a 28.830,28€.

Á vista do reaxuste orzamentario, tramitaranse os expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades correspondentes.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 16/01/2023 (CSV: 0VWRPHFLBN3ZFCYI), o informe da Secretaría Xeral de 17/01/2023 (CSV: 6NJNC5TY030KKAMJ), a dilixencia de conformidade de Intervención de



17/01/2023 (CSV: 842OH83DJE3340K0), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 20/01/2023 (CSV: 4YIDI1TKD6WJBXSJ) o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Cañiza para realizar a actuación “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda, a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e a tramitación dos expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades que procedan.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Cañiza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 1 de febreiro de 2023

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.



O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

6.7859.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039818)**

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000062 de 11/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención ao dito Concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa REACPON.
- En data 08/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 678.713,21€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de



10.335,74€ (1,5%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.

- Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro REX_2022021724 e REX_2022021725), entre outros documentos, a solicitude de modificación do contrato de obras do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina da Cañiza, presentada pola dirección de obra (motivada na aparición de causas imprevistas durante a execución dos traballos), o proxecto modificado e a certificación do acordo de aprobación do proxecto modificado. O orzamento do novo proxecto ascende a 826.733,95€, o que supón un incremento de 137.685,00€ sobre o orzamento inicial (19,98% de incremento).
- Na data 19/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. REX_2022021902, emendado con núm. REX_WEB2022049925) o compromiso de financiar, con recursos propios, o importe da modificación que non poida ser financiado co importe da baixa de adxudicación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que a necesidade de incluír unha serie de cambios derivou de situacións sobrevidas durante a execución das obras, sen que se alteren os aspectos técnicos nin a superficie da actuación, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación do Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao Concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.



Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, no marco do Programa REACPON, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola aparición, durante a execución dos traballos, de circunstancias sobrevidas que non se podían ter previsto.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante recursos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 137.685,00 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 10.335,74€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 135.619,75€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de



19/09/2022 (CSV: 72AGVJ609U6T7OB0), o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV:KWOZDKT2DMO08WS6), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 23/09/2022 (CSV: 5ZZ0WAFF07UKDIUG), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación do proxecto modificado da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Programa ReacPon.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Cañiza, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 10 de outubro de 2022

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

